



ILMO. CONCELLO DE VERÍN

APDO. 101 - 32600 VERÍN (OURENSE) - TELF:988 41 00 00 - FAX: 988 41 19 00

BANDO

DIEGO LORENZO MOURA,
ALCALDE EN FUNCIÓNS DO ILMO. CONCELLO DE VERÍN

FAGO SABER:

Que ante a situación sanitaria actual en relación co COVID-19, e en consonancia coas disposicións adoptadas no día de onte pola Xunta de Galicia, adóptanse as seguintes medidas preventivas que entran en vigor dende o momento da sinatura do presente bando e perdurarán ata novo aviso:

1º.- Suspende todas as actividades públicas de carácter institucional, social, deportivo e cultural.

2º.- Peche das instalacións municipais (Pavillóns de Deportes, Piscina Municipal, Biblioteca, Museo, Auditorio, Casa da Cultura, Sala de Exposicións, Oficina de Turismo, Centro de Día, Escola de Artes e Oficios, Conservatorio e Escola da Banda de Gaitas).

3º.- Limitase a atención ao público nas dependencias municipais en casos de urxencia ou necesidade improrrogable (Casa do Concello, Casa da Xuventude -sede de Servizos Sociais- e oficinas da Policía Local) sempre priorizando a atención telefónica e telemática – correo electrónico ou sede electrónica-.

4º.- Recoméndase limitar as concentracións de persoas en espazos públicos (parques e zonas de recreo) así como terrazas, oficios civís e relixiosos.

Pregamos a súa colaboración. Entre todas e todos seremos capaces de superar a situación actual se seguimos as recomendacións, directrices e ordes da autoridade sanitaria. Con tranquilidade, sen medo pero con precaución.

O que fago público para xeral coñecemento.

Verín, 13 de marzo de 2020.

O Alcalde en funcións
Diego Lourenzo Moura
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



Cod. Validación: AYM6ZHZCMJTGK4F9SCWZCGTX | Corrección: <https://verin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1